

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE DO 31 DE MARZO DE 2017

Asistentes:

Arribas Álvarez, MCarmen
Barriocanal López, Yolanda
Castro Pérez, Ladislao
Fernández
Contreras, M^a Carmen
García Cabo, Manuel
Lozano González, Carlos
Pérez Rodríguez, Fco. Javier
Prada Rodríguez, Julio
Presedo Garazo, Antonio
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de

Desculpan a súa ausencia:

Cid Narváez, Daniel
Comendador Rey, Beatriz
Espino Alvarado, Héctor
Juana López, Jesús de
López Díaz, María
Real López, Arturo
Taboada Rodríguez, Sofía
Valín Fernández, Alberto
Vaquero Díaz, Beatriz

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade, o venres 31 de marzo de 2017, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 29 de marzo de 2017

- Lectura e aprobación da acta anterior (24 de febreiro de 2017)
- Informe da Decana
- Aprobación, se procede, do seminario organizado pola Área de Historia Moderna titulado: “Historia das bancarroas: Francia e España entre 1595 e 1610”
- Aprobación, se procede, do informe para a solicitude de avaliación da actividade docente (quinquenios) presentada polo profesor José Ramón Rodríguez Lago
- Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión de Calidade
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta anterior (24 de febreiro de 2017)

O profesor Julio Prada quere matizar, con respecto ao punto 7 da acta anterior, que o que quería suxerir era que se recoñeceran outras tarefas do PDI ademais da titorización do TFG, que xa se ten en conta.

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: Alberto Valín (de baixa), María López (sabático), Jesús de Juana (licencia), Beatriz Comendador (saída de campo), Beatriz Vaquero (motivos persoais), Arturo Real (saída de campo), Sofía Rodríguez (motivos persoais), Daniel Cid (saída de campo) e Héctor Espino (saída de campo).
- Hai varios temas que están pendentes da resolución da Xunta de Galicia. O día 6 de abril vai ter lugar unha xuntanza coa vicerreitora de Profesorado e quizais teñamos algunha resposta. Estamos á espera de que confirmen ou non se a Xunta considéranos unha titulación singular, en caso afirmativo non teríamos a obriga de alcanzar 45 estudantes de nova matrícula cada curso. Aínda que iso non supoña deter as campañas de captación, suporía reducir considerablemente a presión. Hai uns quince días a Xunta solicitounos a xustificación de cumprir dous de catro requisitos. No documento que elaboramos xustificamos cumprir ata tres. A decana agradece a colaboración do profesorado, especialmente de Elena de Uña e de Julio Prada. Onte día 30 saíron publicados no DOG os requisitos que xa nos comunicaran. Unha segunda cuestión refírese á resposta de se a Xunta considera se cumprimos ou non co Plan de viabilidade, presentado xa a finais do ano pasado. Un terceiro punto é o posible visto bo ao Plan conxunto de estudos oficiais co Grao en Turismo y co Grao en Xeografía e Historia, que xa pasou as xuntas de ambos centros e o Consello de Goberno da UVigo. Aquí a decisión é sobre se nos permiten ofertar as 5 prazas que detraemos das nosas 45, que son o número mínimo posible. Por último tamén agardamos polo Informe escrito provisional da ACSUG respecto á Renovación da acreditación do Grao en Xeografía e Historia. No informe oral resaltaron moitos puntos fortes e se referiron a algúns aspectos a mellorar como na implementación da semipresencialidade e, máis importante, respecto ás prácticas, que pasaron no cambio de memoria de 6 créditos optativos a 12 obrigatorios e non se modificou a carga temporal das mesmas.
- O proceso de certificación da Calidade do centro será no mes de xuño. Se irá informando aos membros da xunta cando saibamos a data para a planificación da visita da comisión avaliadora.

3. Aprobación, se procede, do seminario organizado pola Área de Historia Moderna titulado: “Historia das bancarrotas: Francia e España entre 1595 e 1610”

O alumno de 2º, Manuel García, quere manifestar no nome do seu curso o malestar do alumnado porque para conseguir o diploma de recoñecemento desta actividade teñen que, a maiores de asistir, facer un traballo. Expón que acumulan moita carga de traballo neses días, con probas e entregas de tarefas e que prefiren non facer o traballo e non ter o recoñecemento desta actividade. O profesor Antonio Presedo, da área de Historia Moderna, di que só van ter que facer as conclusións do seminario nun folio. O alumno tamén está molesto porque un profesor comentou que asistir a clase non costaba e que el, en particular, ten que madrugar moito e chegar tarde a casa para asistir a dúas horas de clase. O profesor Antonio Presedo coincide co alumno na idea de que a asistencia ás clases constitúe un esforzo

A decana propón que a área de Historia Moderna valore a petición do estudantado de obter o recoñecemento só coa asistencia. O profesor Antonio está de acordo e dará unha resposta ao alumnado.

Os membros da Xunta de Facultade aproban o seminario organizado pola Área de Historia Moderna.

4. Aprobación, se procede, do informe para a solicitude de avaliación da actividade docente (quinquenios) presentada polo profesor José Ramón Rodríguez Lago

O profesor interino contratado doutor, José Ramón Rodríguez Lago, da Área de Historia Contemporánea, solicita informe para a solicitude da avaliación da actividade docente.

Apróbase emitir informe favorable sobre a actividade docente desenvolvida.

6. Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión de Calidade

A decana informa que Pablo Sánchez Ferro presentou a súa dimisión como membro da Comisión de Calidade por motivos persoais. Para substituílo e deste xeito completar o sector dos representantes da sociedade púxose en contacto coa Directora da Biblioteca Pública de Ourense, Rosa Mª Díaz Naya, quen aceptou e xa acudiu á primeira xuntanza.

Tamén se incorpora o profesor Fermín Pérez como coordinador do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.


Apróbase a modificación da Comisión de Calidade.

7. Rolda de intervencións

Non hai.


E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.25 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez